



Xesús
Lorenzo
Varela
Vázquez

DÍADASLETRAS
GALEGAS

2015



Lorenzo Varela no labirinto da luz



María Pita, unha das xilografías de Luis Seoane pra ás que Lorenzo Varela creou "Catro poemas para catro grabados"

Baldo Ramos

Escrebiu Lorenzo Varela nun breve texto de presentación de Luís Seoane, con motivo dunha das súas primeiras exposicións no exilio, que "por haber salido de España con la obra por hacer, carece esta generación del destierro de [...] ese precedente inestimable que consiste en la seguridad de ejecución".

Cando lemos a obra poética de Lorenzo Varela á luz da súa actitu-

de autocrítica e mesmo destrutiva a respecto do seu traballo de creador, temos a sensación de escoitar unha voz herdada, temerosa de ser fiel á personalidade que a inspira, debedora dunha estirpe que arraigou en terra de ningures, fronte ás costas da Habana, entre a luz e os altos muros que facían da memoria un escuro labirinto. Sorprende na súa obra a humildade coa que pon o seu talento ao servizo dos demais, receoso de afondar nos segredos que alimen-

Sorprende a humildade coa que Lorenzo Varela pon o seu talento ao servizo dos demais, receoso de afondar nos segredos que alimentan o seu mundo

Grande parte da súa produción literaria nace da homenaxe a outros autores, do compromiso coa causa republicana e emigrante, do contrapunto a obras de pintores queridos

tan o seu mundo. Grande parte da súa produción literaria nace da homenaxe a outros autores, do compromiso coa causa republicana e emigrante, do contrapunto a obras de pintores queridos ou do estudo e tradución de escritores admirados.

Era a luz que inspiraba a súa voz unha luz aprendida na ollada distraída dos nenos de Murillo, nas mulleres que dignificou Colmeiro, na Galiza que gravou Seoane na dorida codia do desterro.

Por iso chama a atención que os maiores logros literarios de Lorenzo Varela –ao meu ver– os atopemos en textos motivados pola circunstancia ou a anécdota, cando non por atender o compromiso da encarga. Vale de exemplo un dos poemas máis sentidos do noso poeta –o Homenaje a Picasso publicado en 1963–, que escribe co gallo da celebración dos 80 anos do pintor malagueño.

A pintura foi sempre para Lorenzo Varela un motivo xerador de literatura –amais da obra citada, Catro poemas pra catro grabados e Lonxe naceron para acompañar gravados de Seoane e un espazo para a reflexión estética.

É precisamente neste ámbito onde eu penso que madurou a súa escrita e albiscou a luz que circundaba o dédalo do seu exilio. Na súa obra ensaística fala o verdadeiro poeta que non quixo espir e interiorizar a súa voz nun verso posto ao servizo da confesión.

Xa dende moi novo, con apenas 19 anos, cando publica na revista P.A.N. unha valoración dos primeiros libros de Álvaro Cunqueiro, Lorenzo Varela demostra a lucidez que ferve en cada unha das súas afirmacións e a semántica integral coa que manexa os resortes da linguaxe. E conforme pasa o tempo, a súa dedicación á crítica de arte en foros como o xornal vespertino La Razón ou o quincenario Correo Literario, e en monografías dedicadas a Dalí, a Murillo, a Seoane, a Luis Falcini, fai do noso autor un intelectual de culto: independente, rebelde, agre por veces, revelador sempre, que atopou na prosa dos seus ensaios o crisol para o metal da súa voz de grande poeta, dos gran-

des poetas que pertencen á estirpe de Josep Pla.

As palabras do seu bo amigo José Bergamín –exemplo de clarividente disidencia ata o final– e que abrían as Torres de Amor que levantou nos primeiros anos de exilio americano, poñen selo a unha escura intuición que agora, ao recuperar a súa memoria, confirmámonos que lo que dejó de ser sin haber sido/ volverá a ser como si no lo fuera.

MARÍA PITA

I

*María das batallas,
levareiche unha frol por cada bala;
i unha cunca de leite
arrebuxada en neve
pra che curar a sede.
¡Sede mortal, varona, a desta patria:
queima no peito con ardente brasa!*

II

*María das batallas,
dareiche un reiseñor por cada bala,
i unha estrelina nova
no berce d'unha dorna,
núa, espida, graciosa:
Varona dos meus ollos, unha estrela
que ti ganache, poderosa e leda.*

III

*Muller da soberana liberdade,
os artilleiros danche alferzía
e faite o mar patrona da cidade.
Din as miñas campanas, escoitade,
de monte a monte e mais de ría a ría:
O bronce meu, teu bronce foi María.*